

Faro *da* Cultura

Con West side story (1957) acadou unha extraordinaria acollida

Leonard Bernstein (1918-1990).

Co inicio do século XX, a música –como sucedera na literatura coa invención da imprenta– coñeceu unha auténtica democratización grazas á aparición da radio e, moi especialmente, coa gravación e reprodución. Primeiro co gramófono e os seus cilindros e, a partir de 1925, coa aplicación da enerxía eléctrica (en troques da mecánica) –que permitiu o uso de válvulas– e do brazo reprodutor (pick-up). Ademais de escoitar música en directo –privilexio reservado a uns poucos–, era posible asistir desde a casa a concertos e crear unha discoteca (en tanto que colección) doméstica.

Este panorama coñeceu unha verdadeira explosión despois da Segunda Guerra Mundial, cando as clases medias gañaron definitivamente a hexemonía cultural de Occidente. O progreso técnico aplicado á música facilitou que directores e intérpretes atopasen nos discos de vinilo unha fonte de negocio. Fundamental no caso da música pop-rock, no campo da música clásica as gravacións “de referencia” fixeron de certos directores auténticas estrelas de masas.

Esa foi a aposta do grande mito da música europea da segunda metade do século XX, Herbert Von Karajan, da man do selo Deutsche Gramophon. Pero fronte aos traballos deste oportunista que soubo reconvertir a súa condición de nazi pola necesida-

de que tiña Alemaña de recuperar a súa cultura, nos Estados Unidos apareceu a figura de Leonard Bernstein.

Xudeu de esquerdas, celebramos o centenario do seu nacemento en Massachusetts. Bisexual confeso, na década dos 50 foi incluído nas listas negras de “comunistas” e seguiu a estar mal considerado polas autoridades ata os tempos de Nixon, malia amosar sempre fidelidade aos Estados Unidos.

Bernstein encetou a súa carreira musical cos estilos vixentes na súa mocidade: a atonalidade, o dodecafonismo e mais o jazz. Pero ben axiña se centrou na música clásica e foi nomeado director substituto da Sinfónica de Nova York en 1943. Ao ano seguinte, o titular, o xudeu alemán Bruno Walter, caeu enfermo e Bernstein sucedeuno na

dirección da formación.

Non hai dúbida que rematada a contenda mundial, o feito que as estruturas culturais estadounidenses estivesen intactas favoreceu a súa expansión internacional.

E con elas, Bernstein e as discográficas da outra beira do Atlántico. Tal circunstancia propiciou unha importante rivalidade co director austríaco.

Pero mentres este centrou as súas producións nas obras clásicas alemás (Bach, Mozart, Beethoven, Wagner), Bernstein –sen esquezelas– apostou por músicos de vangarda, como Mahler, de quen foi gran difusor seguindo o exemplo de Bruno Walter. E en paralelo, mentres Von Karajan apostou pola radio e polas producións discográficas –colaborou incluso na aparición do disco compacto–, Bernstein considerou que a me-

llor vía para popularizar a música era a televisión (e, desde os seus inicios, o DVD).

E nesa vontade de divulgación musical, non foron alleos os seus métodos pedagóxicos nin as súas composicións, entre as cales cómpre salientar a ópera –en formato de musical– *West side story* (1957), representada en Broadway con grande éxito e ben axiña levada ás pantallas por R. Wise e J. Robbins: gañadora de dez Oscar, entre eles o de mellor película (1962), en 1997 foi seleccionada para a súa conservación no National Film Registry pola Biblioteca do Congreso. O seu argumento –baseado en *Romeo e Xulieta*– presenta a dispar visión dos Estados Unidos que tiñan uns mozos (os Jets) de ascendencia europea fronte á da doutros (os Shark) de orixes portorriqueñas: consumismo, discriminación racial, modernidade. E, en canto á música, Bernstein incorporou ritmos latinos, jazz e canción melódica. Pero esta non foi a única relación que tivo co cine: compuxo a banda sonora de *A lei do silencio* (1954), de Elia Kazan.

Pero abondaría coa súa ampla produción “canónica” –incluídas tres sinfonías e diversas obras relixiosas, entre elas a *Missa brevis* (1988)– para acadar a condición de clásico. Unha circunstancia, esta de compositor, que o seu rival austríaco nunca rematou de aturar.

Bernstein story

O derradeiro clásico do século XX

JOAQUIM VENTURA